

Vigo, 7 de febreiro de 2006

A Asociación General de Profesores Titulares de Universidade (AGPTU) despois do estudio feito sobre as Axudas de Acción Social o ano pasado e dadas as datas en que nos atopamos,

SOLICITA que:

- Se faga público que cantidades se destinan ós diferentes apartados considerados na acción social. Especificando que porcentaxe do 1% da masa salarial é destinada ós seguintes puntos:
 - o Plano de Pensións
 - o Intercambios de vacacións do PAS
 - o Axudas de Acción Social
- Se indique por que razón hai destinada unha parte a anticipos que entendemos non deben saír desta partida.
- Se faga unha normativa completa sobre o destino do 1% da masa salarial e non só sobre as axudas de acción social que son unha parte do total.
- Se teña en conta a proposta feita por esta Asociación en relación a unha nova normativa mais sinxela e igualitaria.
- Se faga este ano a adxudicación de axudas correspondentes ós anos 2004 e 2005. Deste xeito cortaríase o atraso que se leva no proceso coa problemática que supón para tódalas partes.
- A normativa que se elabore e aprobe teña unha vixencia de varios anos para que tódolos implicados poidan saber que gastos e situacións serán tidas en conta polas axudas e non o teñan que coñecer dous anos despois (como ocorre agora mesmo).
- Esta proposta sexa enviada coa convocatoria da Comisión de Acción Social para que poida ser estudiada polos seus membros.



Generosa Fernández Manín
Edita de Lorenzo Rodríguez
Pilar Molist García
Gloria Pena Uris
Juan Pou Saracho
Verónica Santalla del Río

SR. XERENTE DA UNIVERSIDADE DE VIGO